


# rafael catoira

# navegando

# cara aítaca



2º PREMIO XXXIX EDICIÓN CERTAME LITERARIO



Concello de Vilalba

alvarellos  
EDITORIA

**Viaxo ó teu encontro.  
Non chegar nunca,  
gozar só do presaxio.  
Esta distancia resolverase  
antes de que a miña alma beba de ti  
pois xa vive en min o teu espírito  
e complementareime  
áinda sen te atopar.**

Poema «A viaxe con Ítaca ao lonxe»



[alvarellos.info](http://alvarellos.info)

ISBN 978-84-89323-61-2

9 788489 323612

Líbros do Sarela



NAVEGANDO  
CARA A ÍTACA

*NAVEGANDO CARA A ÍTACA, de Rafael Catoira Rey,  
obtivo no ano 2013 o Segundo Premio da XXXIX Edición  
do Certame Literario do Concello de Vilalba (Lugo).*

*O xurado estivo composto por José María García-Leira Boado  
(presidente), Darío Villanueva Prieto, José Jesús Ramos Ledo,  
Fidel Fernán Vello e Xulio Xiz Ramil (secretario).*

RAFAEL CATOIRA REY

NAVEGANDO  
CARA A ÍTACA



Concello de Vilalba

**alvarellos**  
EDITORIA

*Líbros do Sarela*

© ALVARELLOS EDITORA, 2014  
Sempre en Galiza, 4  
15706 Santiago de Compostela  
[correo@alvarellos.info](mailto:correo@alvarellos.info)  
[www.alvarellos.info](http://www.alvarellos.info)

© Rafael Catoira Rey

Deseño e maquetación: Xacobe Neto [Alvarellos Editora]  
Impreso en Tórculo

Depósito Legal C 1031-2014  
ISBN 978-84-89323-61-2

Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra só pode ser realizada coa autorización dos seus titulares, agás excepción prevista pola lei. Diríxase a CEDRO (Centro Español de Derechos Reprográficos, [www.cedro.org](http://www.cedro.org)) se precisa fotocopiar ou escanear algúun fragmento desta obra.

Ítaca non existe. Na liña do horizonte, quizais unha pinga de auga negra coróase de verde palmeira e afástase..., e alóngase. O horizonte non existe, quizais se tocas co dedo da ollada ese vapor debuxado en horizontal, leve curvatura imprecisa, foxe e dá en concretarse un pouco máis alá onde o dedo da ollada tarde un pouco máis en percutila. E xira a ollada, e xira a liña do horizonte, pero Ítaca permanece, verdes follas sobre acantilados inexpugnables. Ítaca existe, é o anhelo de chegar sostido polo sentir sensorial das etapas. Ítaca é o Finisterra da vida: a codia xeolóxica feita anhelo, case vehemente, do discorrer cara a vivir coa liña do horizonte colgada na pupila.

## A VIAXE CON ÍTACA AO LONXE

Viaxo ó teu encontro.  
Non chegar nunca,  
gozar só do presaxio.  
Esta distancia resloverase  
antes de que a miña alma beba de ti  
pois xa vive en min o teu espírito  
e complementareime  
áinda sen te atopar.

## PENÉLOPE

Este avío do vivir en simulacro de vida  
como impulsa as velas para o periplo do solpor  
cos tecidos esfiañados como algas cristalinas  
cara á Ítaca soñada.  
Alí xogan as ondas brandas  
a louumiñar os cabelos lasos de Penélope contrita.  
E esa mirada? Que diría se se perde na curva do mar  
de ter tanta saudade, de tanto temer o silencio da saudade?

Días sobrevindo a ser días.  
Neles deben prender as iscas do sol  
para que o poñente non se desdobre  
e as nubes dos invernos non regresen coa tempestade no ventre  
e as beiras do mar, acollidas á marfallada das ondas  
non reconten as achas de tantos naufraxios  
para enumerar, un a un, os medos  
que se envolven na fonda crisálida das augas.

Dime, ti tamén, oíchela berrar no berce da noite?  
Oíches con ela esas trompetas que rachan os coiros do céntit?  
Quen lle avisa, quen lle advirte do advento?

Até a Ítaca dos ventos mornos chegan as ondulacións  
das buguinas a debuxar cantigas  
e prepárase Penélope para escribir cos dedos  
rizos de pelo que imitan o vogar dos remos.

Pero os incendios do sol derreten a lúa  
e anegan de brétemas brandas a pálida pel do mar  
e o naufrago Ulises, cego de sal,  
reconta as sumas dos equinoccios e resta os solsticios  
para mentir o tempo  
e negar as alboradas e a súa repetición de solemne monotonía  
navegando coas nubes atadas ao mastro e por esperanza  
a fondura plana do silencio da auga.

Dirías ti, Penélope: refulxe o metal do seu helmo dourado  
como o brío do músculo aceitado para a tensión e o impulso.  
Tesón de vogar ferindo o aceiro do mar  
cara a un horizonte que se evade, cebo de area,  
praia onde descansar a febre que embaza o seu rostro  
e, quizais, vexa achegarse as gaivotas que traerán a primavera no  
[bico,  
primavera de papoulas  
e chirlo de corazóns de pluma entre os trigueiros  
e fareime unha coroa coa lavanda que bañou o seu corpo  
e asperxeu o aire co bálsamo que emana do seu tórax  
onde latexa o meu sangue  
e onde beben os corzos saciando a sede co inverno  
verténdose polos mesmos sendeirose que percorreron os seus  
[dedos  
labrando as rochas altas dos meus peitos.

Dirías ti, Penélope:  
Quen me pide o berro se intúo que o silencio é a febre  
que oculta a dolor,  
o pano de fondo da angustia?  
Tamén a rocha que ampara co seu esmiuzar a xénese  
e a orixe. E polo tanto...

Polo tanto. Atéñome aos designios dos Deuses  
e ás súas razóns de inclemtes intemperanzas.  
Eles que dan remedios vans  
en proporción ao desamparo ou en más medida  
abondan no desconcerto.  
Hábiles na rotura das palabras para desvirtuar o eco.  
Defensores da habilidade evasiva do penitente.  
Renitentes á concesión sen o aval da dor.  
Sabédelo. Vos sabédelo: a elocuencia do voso silencio  
frustra as miñas ansias  
de acceder ás dobras da vosa clámide e a rozar os meus dedos  
na púrpura das vosas sens.  
Sabedes, crueis devoradores do humano, que a sen razón da fe  
procura razóns para xustificarvos?  
Incluso ti, Apolo, que requisas o caos  
e pretendes a harmonía da ruína no lugar  
onde o estable é a permanencia da voracidade  
e ese fagocitar do dado é un morder xa no pretérito  
nas costas do porvir.  
Que creas ti, a quen facemos divino  
pola avidez de esclarecer a confusión?  
Sinto que a miña alma, perdida na espera infinita,  
inventa unha nova xénese para concibir a esperanza.

De que me valen as xeometrías precisas: afiados cantís,  
brandos ventres labrados pola marusía  
que acollen a esta illa?:  
area e piñeiro, unha lagoa: auga esgallada da auga.  
O canaval que apresa ao sol co seu enreixado,  
as fronteiras imprecisas que a brétema homoxeneiza  
estendendo unha ponte de néboa ensarillada no horizonte.

Nacer aquí, á reclusión, para xermolar o parto da ansiedade  
en meses eternamente nonos.

Non podo negar o sentido das cousas en manifestarse  
coa súa soa presenza.  
Evito enumerar o evidente: a súa soa forma  
é a causa do seu ser.  
Nada que non sexa tanxible ou amáñea grávido do interior  
da materia pode revelarme algo.  
Incluso o facerme afín a inquietude que transmuta a  
desolación do teu abandono éme tan físico.  
O absoluto do teu abandono  
exerce sobre min a presión da atmosfera e fai ó meu ser  
de individuo pesar sobre esta terra coa forza do desazo  
que o vivir destila na miña vida.

Pero ti, Ulises, que antes fuches servo dos brazos do destino,  
rebelácheste contra o Deus dos océanos  
e despregaches a túa presenza de home  
sobre os designios inescrutables dos arcanos.  
Que a túa man escolleu o fío da espada co que abrir os veos  
cos que as deidades tapan a súa presenza  
para evitar ser recoñecidos entre nós, do seu mesmo sangue  
e agora tamén eles tremen e ao descoñecido oran  
para serenarse.

É así como collerás a miña man  
e alzarasme para que os teus ollos me revelen  
este novo sendeiro sen os pétreos ritos do temor  
e farasme alegre só polo risco de recoñecerme,  
única na diferenza?

Por iso agardo. Agardo que a túa chegada dea amañecida  
á noite dos sortilexios  
e os engados da redención  
eviten o ollarnos coa pupila alagada de pregarias.

Sei que chegarás rompendo os piares que sosteñen os templos  
e crearás novas coirazas de carne que protexan o alimento dos  
[soños.

Porque sabes que no soño xa está a posibilidade  
e no home xa está o soño e no soñar habitan os Deuses  
e Deus é soño, pero o soño é home.  
E o home é Deus, dirasme.  
Dirasme ti a miña razón para aniñar o teu regreso  
coas mans baleiras de propósitos de emenda.